

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE AGOSTO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de agosto de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 21 de novembro de 2024 (RE-E núm. 684), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DUN APOIO E SUBSTITUCIÓN DOUTRO NUNHA LIÑA DE MEDIA TENSIÓN
LUGAR	ASPERELO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS
RFA. CATASTRAL DAS PARCELAS	36047A121004200000LX 36047A121004130000LO
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 16/02/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	6.904,41 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 01/08/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	SI (EXPEDIENTE NÚM. ██████████)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 14/07/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de

establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras queda suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Autorización de Augas de Galicia de data 15/11/24 ( Clave [REDACTED]).
- Informe do Servizo Provincial de Patrimonio Natural de Pontevedra de data 20/03/24 (Referencia [REDACTED]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO TRINTA E OITO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (138,09 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 8 de xaneiro de 2025 (RE-E núm. 10), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	MARÍA LUISA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	SUBSTITUCIÓN DO APOIO B7D7V8AR//201 NA LIÑA DE MEDIA TENSIÓN AÉREA LAL811
LUGAR	A FERVENZA
PARROQUIA	CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A070001690000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Separata de proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 10/10/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	5.817,21 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 01/08/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	SI (EXPEDIENTE NÚM. ██████████)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 16/07/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras queda suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Informe do Servizo Provincial de Patrimonio Natural de Pontevedra de data 17/11/23 (Referencia ██████████).
- Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra de data 21/11/23 (Referencia ██████████).
- Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra de data 29/11/23 (Expediente ██████████).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CIENTO DEZASEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (116,35 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE**

— Botica Agrodeiro S.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 30 de xullo de 2025 (RE núm. 490), coas seguintes características:

#### DATOS DA ANTERIOR TITULAR

RAZÓN SOCIAL	COMERCIAL AGROCAMBA V. FARO S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	MARTA OTERO GIL
DNI	██████████

#### DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	BOTICA AGRODEIRO S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	ALBA FORNO CRESPO
DNI	██████████

#### DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	VENDA DE PRODUTOS FITOSANITARIOS
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 15 – BAIXO

LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	6425627NH8262N0001PK
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	SI (LICENZA CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 25/08/11)
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 18/10/12)
NÚM. INSCRICIÓN ROPO	██████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obriga legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A nova titular deberá comunicar o cambio de titularidade como subministradora ante o Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO).

#### **4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 1” (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 1/2025)**

##### ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 1”, incluída no Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), na reunión celebrada o día 8 de xullo de 2025, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

##### A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MELLORA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.	██████	46.464,00€	43,94	SI	35,00	2 MESES	20,00	98,94
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	45.859,00€	44,52	NON	00,00	NON	00,00	44,52
PADINSA SALNÉS S.L.	██████	45.375,00€	45,00	SI	35,00	1 MES	00,00 <sup>(1)</sup>	80,00

<sup>(1)</sup> Non achega programa de traballo detallado (cláusula décima, apartado 1.3.) do prego).

##### B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.	██████	98,94
PADINSA SALNÉS S.L.	██████	80,00
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	44,52

2º.- O licitador proposto Urbanismo Técnico Sostenible S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecida na cláusulas 16ª do prego (RS núm. 2025-S-RE-228, do 08/07/25)

3º.- Con data 17 de xullo do corrente (RE núm. 2025-E-RE-454), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Certificados de estar ao corrente coas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, ATRIGA e Seguridade Social.
- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a través dos medios establecidos na cláusula oitava, apartado 6, do prego.
- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial de realización da obra obxecto de licitación.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de MIL NOVECENTOS VINTE EUROS (1.920,00 €), mediante aval da sociedade Afianzamentos de Galicia (AFIGAL) S.G.R., estendido con data 09/07/25 (registro núm. ████████).

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 1” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: NON

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN SEN IVE: 38.400,00 €

IVE: 8.064,00 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Corenta e seis mil catrocentos sesenta e catro euros (46.464,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas como director facultativo da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

## ***5.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2” (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 1/2025)***

### **ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2”, incluída no Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), na reunión celebrada o día 8 de xullo de 2025, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios

de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MELLORA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	87.604,00 €	55,00	NON	00,00	NON	00,00	55,00
PADINSA SALNÉS S.L.	██████	91.903,13 €	—	—	—	—	—	Excluída <sup>1)</sup>

<sup>1)</sup> A oferta económica supera o importe de licitación (88.610,57 €) – Cláusula cuarta do prego.

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	55,00

2º.- O licitador proposto Nature Infraestructuras y Servicios S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecida na cláusulas 16ª do prego (RS núm. 2025-S-RE-229, do 08/07/25)

3º.- Con datas 17 de xullo e 24 de xullo do corrente (RE núm. 2025-E-RE-456 e 477), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a través dos medios establecidos na cláusula oitava, apartado 6, do prego.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de TRES MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (3.620,00 €), mediante seguro de caución da sociedade Compañía Española de Seguros de Créditos a la Exportación S.A. (CESCE) S.M.E., estendido con data 17/07/25 (certificado de seguro núm. ██████████).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de

*contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)*”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Excluir definitivamente a proposición presentada pola sociedade PADINSA SALNÉS S.L., por exceder a oferta económica do importe base de licitación do contrato, de conformidade co establecido na cláusula cuarta do prego que textualmente dispón: *“O tipo de licitación fixado para cadanseu Lote poderá ser mellorado á baixa polos licitadores, rexeitándose as ofertas que formulen un prezo superior ao fixado”*.

Segundo.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada *“CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2”* a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 72.400,00 €

IVE: 15.204,00 €

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN CON IVE: Oitenta e sete mil seiscentos catro euros (87.604,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Quinto.- Designar ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas como director facultativo da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

## ***6.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO***

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona María Luisa Ferreiro Blanco (RE núm. 1321, do 21/07/25), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da presente ten acreditado un período de 1.106 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona María Luisa Ferreiro Blanco o seu dereito a percibir un trienio de antigüidade con data de consolidación do día 24 de xullo de 2025 e con efectos económicos do día 1 de agosto de 2025.

## 7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A.U. 181,50 €  
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 2025F0001247 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 133,10 €  
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. P25/004570 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 28,00 € E 45,76 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7GA0000816 e TA7GA0000823 (FACe).
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 6.158,67 €  
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2025*” no mes de xullo de 2025, s/factura núm. ROD/002 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 1.746,03 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 52/25.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 1.694,00 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 889.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 328,44 €  
Por traballos de toma de terra para a unidade de ITV móbil en Carboentes, San Salvador e Rodeiro, s/factura núm. 892.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 72,60 €  
Por traballos de mantemento de punto de alumeado no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 26/2025.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 738,84 €, 749,50 € E 27,23 €  
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T-285, T-284 e T/2.025/287.
- MIGUEL CONDE VALES 114,95 €  
Por diversos traballos de carpintería metálica para o Concello, s/factura núm. C-201800806.
- MIGUEL CONDE VALES 84,70 €  
Por desmontaxe de puntos de alumeadado público para as festas de San Antonio, s/factura núm. C-201800824.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 163,35 € E 871,42 €  
Por traballos de reparación e mantemento dos camións de recollida do lixo, s/facturas núm. T-288 e T/2.025/290.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.254,53 €  
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de xuño de 2025, s/factura núm. FA – 1372.
- PALOMO S.C. 99,00 €  
Por canxe de vale de premiada no “II concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. 567.
- CURROLIÑO S.L. 150,00 €  
Por canxe de vale de premiada no “II concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. 33/M.
- ADRIÁN PÉREZ PORTELA 60,00 €  
Por traballos de reparación de máquina do ximnasio municipal, s/factura núm. A/180.
- FRANCISCO LUSQUIÑOS VARELA 206,91 €  
Por traballos de mantemento de máquinas do ximnasio municipal, s/factura núm. 45 (FACe).

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 363,00 €  
Por transporte de materiais obras en camiños municipais, s/factura núm. 27/2025.

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- O RODO, S. COOP. GALEGA 50,48 €  
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. FA – 1374.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 97,00 €  
Por subministro de combustible ás desbrozadoras, s/factura núm. FA – 1373.
- MANUEL PATAO DIAS 222,89 €  
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 25/898.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)